



CULLEREDO  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

UEH12I00DI

Código do expediente

UEH/2018/64

Código de Verificación Electrónica (COVE)



0S2J 4M16 1408 7066 058L

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O "PORTAZGO SOCIEDAD DEPORTIVA"

Culleredo, 27 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de Culleredo, D. José Ramón Rioboo Castro, asistido pola secretaria xeral accidental Dona María Nieves Fuentes Bermejo, que actúa como fedataria da formalización do presente convenio, no ejercicio da función de fe pública, de conformidade co que dispón o artigo 2. i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte D. Ramonde Garrido, Manuel Isidro con DNI en calidad de representante do PORTAZGO SOCIEDAD DEPORTIVA, con sede social en Avda. Miguel González Garcés s/n 15174 O Portádego Culleredo, na localidade de Culleredo e CIF: G15155088

Previa manifestación do sr. Ramonde, de subsistencia do cargo co que actúa así como das facultades das que fai uso, as partes participantes recoñécese mutuamente a capacidade suficiente para a válida celebración deste convenio, e

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Concello de Culleredo considera de interese xeral e ten como obxectivo proporcionar alternativas formativas vinculadas ao eido deportivo como unha medida preventiva e de integración social. Nesta liña, o concello pretende a promoción da práctica do deporte aficionado no termo municipal .

Segundo.- Que o Portazgo Sociedad Deportiva de Culleredo organiza actividades de fútbol neste termo municipal.

Terceiro.- Que no seu artigo 25, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Régimen Local, atribúeselle aos concellos, entre outras, a competencia para a promoción do deporte, instalacións deportivas e ocupación do tempo libre.

Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Culleredo busca liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas función estes mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política municipal neste ámbito.

En virtude do exposto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

CLAÚSULAS:

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Culleredo e o Portazgo Sociedad Deportiva (en adiante entidade beneficiaria), para o financiamento da promoción do fútbol, favorecendo a formación e ocupación do tempo libre dos habitantes deste termo municipal.

II.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Para o seguimento deste convenio e dos seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimiento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello de Culleredo o seu Alcalde e o Concelleiro de

1 de 5



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

UEH12I00DI

Código do expediente

UEH/2018/64

Código de Verificación Electrónica (COVE)



0S2J 4M16 1408 7066 058L

Deportes e Ocupación do Tempo Libre e, por parte da entidade beneficiaria, a seu presidente/a e un/unha representante da xunta directiva da entidade.

As funcións desta comisión concréтанse en:

- Facer un seguimento do cumprimento dos contidos contemplados nas cláusulas deste convenio.
- Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse a este acordo.
- Representar os intereses do Concello de Culleredo e da entidade beneficiaria relativos ao contido deste convenio ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.
- Formular cantas propostas sexan necesarias para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

### III.- COMISIÓN TÉCNICA.

Poderá crearse tamén unha Comisión Técnica de traballo, tamén paritaria, que será designada pola Comisión de Seguimento. Esta comisión terá as seguintes funcións:

- Coordinar tecnicamente as accións a implementar para dar cumprimento aos fins deste convenio.
- Elevar cantas propostas técnicas sexan necesarias á Comisión Mixta de seguimento para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

### IV.- COMPROMISOS DAS PARTES.

1. O Concello de Culleredo comprométese a:

- a. Facilitar os recursos humanos da Comisión Técnica de traballo prevista.
- b. Realizar unha achega económica por importe máximo de 8.000 € (oito mil euros), destinada a financiar o obxecto deste convenio: o gasto de alugamento dun campo para a práctica da actividade deportiva por parte da entidade beneficiaria.

2. A entidade beneficiaria, pola súa banda, adquire os seguintes compromisos:

- a. Desenvolver a actividade deportiva de fútbol ao longo da tempada 2018/2019 en Culleredo.
- b. Facerse cargo de todos os gastos de funcionamento do Club en todas as categorías, de acordo coa súa normativa interna.
- c. Dar publicidade o financiamento deste concello de acordo co establecido na Cláusula VII.

### V. FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEM PARA A MESMA FINALIDADE .

1. O Concello de Culleredo contribuirá ao financiamento da actividade realizada pola entidade beneficiaria cunha achega máxima de 8.000 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total da achega concedida, o Concello só achegará o importe da cantidad efectivamente xustificada.

2. A subvención do Concello de Culleredo é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, convxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

### VI.- GASTOS SUBVENCIONABLES. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido neste convenio.

O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou suministros necesarios para a execución da actividade corresponderá á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con



CULLEREDO  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

UEH12I00DI

Código do expediente

UEH/2018/64

Código de Verificación Electrónica (COVE)



0S2J 4M16 1408 7066 0581

persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra alguma das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

VII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL E COMPROMISO DO USO DA LINGUAJE NON SEXISTA E DA LINGUA GALEGA.

1. Na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de Culleredo.
2. A entidade beneficiaria, nas súas comunicacións e publicidade, comprométese ao uso da lingua galega e á utilización da linguaxe non sexista.
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria.

VIII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA LOCAL.

A subvención farase efectiva en dúas fases:

- 1.- O 75% da axuda, mediante pagamento anticipado, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á mesma, sen que, dado o seu importe sexa necesario que o beneficiario constitúa garantía algúna.
- 2.- A cantidade restante, unha vez presentada a xustificación de ter gastado unha cantidade igual ou superior á concedida.

Unha vez percibido o 75% da axuda e antes da finalización do prazo establecido ao efecto, a entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados nos conceptos financiados, na que se indiquen os acreedores co seu NIF/CIF, os documentos xustificativos e os importes e datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. As datas dos xustificantes do gasto deberán estar comprendidas entre a data de inicio e fin do período de execución das actividades establecido na Cláusula IX.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na Cláusula X.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. No caso de percibir outras axudas ou subvencións, haberá de acreditar que as axudas ou subvencións percibidas non superan o gasto realizado.
- Certificación da conta bancaria, onde se ingresarán a axuda.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na Cláusula VII, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

A vista da documentación xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, os responsables da unidade xestora emitirán un informe acreditativo da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento deberán estar executadas entre o 1 de xullo de 2017 e o 31 de decembro 2018 e rematadas polo menos antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na Cláusula XV.



CULLEREDO  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

UEH12I00DI

Código do expediente

UEH/2018/64

Código de Verificación Electrónica (COVE)



OS2J 4M16 1408 7066 058L



C.I.F. P.1503100-H

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a Cláusula VII, ata o 30 de marzo de 2019.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicábel ao respecto. Ainda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións, lle poida corresponder.

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenga desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### X.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Seguridade Social e co Concello. E para tal fin poderá autorizar ao Concello de Culleredo a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Culleredo determinarase de oficio por este.

#### XI.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### XII.- CONTROL FINANCIERO DO CONCELLO DE CULLEREDO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/ 1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XIII.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓN.



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento

UEH12I00DI

Código do expediente

UEH/2018/64

Código de Verificación Electrónica (COVE)



OS2J 4M16 1408 7066 058L

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas.

**XIV.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNSEN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

**XV.- VIXENCIA DO CONVENIO E MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2018.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XVI.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Alcalde- Presidente do Concello, previos os informes técnicos oportunos.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante do  
Concello de Culleredo

O representante  
Portazgo Sociedad Deportiva

Asdo. José Ramón Rioboo Castro

Asdo. Manuel Isidro Ramonde Garrido

Ante mī  
A Secretaría Xeral Accidental

Asdo. María Nieves Fuentes Bermejo

